

CHATROULETTE

Rexina Vega

A rapaza de Boiro amaña o fondo que abrangue a ollada da súa *webcam*. Posters significativos, algún libro, un enorme peluche... Un rapaz de Milwaukee senta diante da súa computadora cun aquel de nerviosismo e peitése aproveitando o reflexo da pantalla. En Taipei outro mozo ensaia a súa voz, á procura do ton máis grave e sedutor. Todos abren agora o navegador dispostos a xogar a *chatroulette*, un novo servizo de videoconferencia que te conecta arbitrariamente con absolutos descoñecidos. Este novo enxeño supón un paso máis na voracidade comunicativa dos nosos días. Unha nova forma de relacionarse que, queirámolo ou non, estanos xa a mudar por dentro. O ritmo é vertixinoso. Só conta a primeira impresión. Se non che gusta o que ves abonda con premer no botón de "seguinte". A rapaza de Boiro tateálle, nun inglés primitivo, algo enxeñoso ao adolescente de Milwaukee, un silencio incómodo: *next*. Aparece agora na pantalla o mozo de Taipei. Encadéanse as frases, sen demasiado sentido, calíbrase o atractivo de cada quen, uns segundos de dúbida: *next*. Pasan moitos 20, 30... pola pantalla da nosa rapaza en Boiro, que remata pechando o ordenador cunha sensación de frustración, co ego dolorido. Porque neste xogo, como no das outras redes sociais volvémonos vulnerables dunha maneira inédita. Por que me suprimiu como amigo? Por que non teño comentarios no meu *post*? O eu exposto nunha praza pública planetaria na que intercambiar relacións ao ritmo salvaxe da moviola. E aquí estamos todos: obrigados a procurar unha identidade dixital e a reflexionar sobre o interese e atractivo das nosas fantasmas!...

Nestexogo volvémonos vulnerables dunha maneira inédita"



crítica

POESÍA.

O cárcere precipitado

Acusación

Autoría: Xiana Arias Rego.

Edita: Galaxia.

Acusación de Xiana Arias Rego garda moitas concomitancias con *A crise irredutible* de Alberte Momán, comentado hai pouco. Por riba dos discursos de xénero hai unha fonda preocupación que os une: a sensación de estar atrapado, de ser vítima dunha situación de parálise na que se enfrontan por unha parte a necesidade de ser consciente dos pasos que se dan e, por outra, o inconsciente deixarse levar polo *carpe diem*.

O primeiro que se le é unha colaxe con textos de Roque Dalton, Roberto Bolaño, The Velvet Underground "e o mundo dos furados de María Mariño". Logo desta montaxe vén o poema de cabeceira e un percibe xa que o que segue non é ningún capricho de nena obediencia senón todo o contrario, "unha calor enferma / que o precipita todo" (p. 9). Imos, polo tanto, asistir á lectura dunha convulsión interna, informe e voraz.

Ben logo nos decataremos dun efecto propio deste tipo de poesía vangardista, moi acusado na poeta da Fonsagrada. Referímonos ao feito de que os poemas esixan unha lectura continuada, non fragmentada. O libro tampouco é un catálogo de acusacións, porque imos constatar que unha mesma acusación é posíbel desde diferentes perspectivas.

O título da primeira parte,

Tabela das letras. FICCIÓN

- 1 Invisible. Paul Auster. Galaxia.
- 2 A rolda nocturna. Sarah Waters. Galaxia.
- 3 Sete palabras. Suso de Toro. Xerais.
- 4 Unha historia que non vou... Cid Cabido. Xerais.
- 5 Un tipo listo. Xosé Monteagudo. Galaxia.

LIBRARIAS CONSULTADAS: Cartabón (Vigo); Couceiro (A Coruña); Michelena (Pontevedra); Pedreira (Santiago); Torga (Ourense); Central Libreira (Ferrol); Andel (Vigo); Escolma (O Carballiño); Sisargas (A Coruña).

NON FICCIÓN

- 1 Episodios galegos. Manuel Rivas. Xerais.
- 2 55 mentiras sobre a lingua... X. H. Costas. Laidvento.
- 3 A cocíña de Larpeiros. Benigno Campos. Galaxia.
- 4 Uxío Novoneyra. Carmen Blanco. A Nosa Terra.
- 5 Curuxás. Carlos Parrado. A Nosa Terra.



Xiana Arias.

"Cepelín", confirma a necesidade desa lectura solidaria. Os poemas non son como as nubes, nin moito menos están preto, os poemas son o ceo, a viaxe. A perplexidade e a indignación, constantes nesta primeira parte, regresan con máis decisión ao pasado, preguntándose se aínda é posíbel a reconstrución (quérese dicir, a esperanza), mentres se expón a rabia dunha vida desnortada e a incompletude conseguinte, mentres se pregunta canto durará a condena á banalización que herdamos e na que nos recoñecemos.

A dialéctica entre consumir o tempo ou vivir, ese eixo, segue, obviamente, manténdose na segunda parte ou acusación, de título "Greenlandia". Nótase agora, iso si, que os poemas tenden a ter referentes, tenden máis ao presente. Iníciase coa constatación da inercia vital e segue co azar, as consecuencias do paso do tempo, os sentimentos, a desorientación, a imposibilidade de que os humanos nos coñezamos. A in-

consciencia da vida, esa condena eterna da que non se dá escapado.

A terceira parte, "Allo", comeza con esa decisión, ese acto que non evita a inseguridade, nin a incomunicación, nin o medo. Esa sensación de estar sempre no lugar equivocado deriva no retrato da insatisfacción vital. A rebeldía tampouco serve, nin a memoria do corpo que tamén doe malia sorprenden. A tradición é un ameazante obstáculo. Nin sequera a inocencia salva do sentimento de culpabilidade. Definitivamente, ten que haber algo máis.

Formalmente é unha poesía sinxela. Son poemas breves e contundentes, malia a súa incompletude, esa que tamén os fai tan solidarios. Mellor que catálogo de acusacións, estamos ante un alegato evolutivo (dentro das marxes do posíbel) para sentirse vivo mentres se denuncia a falsidade da vida fácil e espectacular, ese cárcere de ouro e inercia inmóbil.●

X.M. Eyré

NARRATIVA.

Humor inane

Guía do autostopista galáctico

Autoría: Douglas Adams.

Tradución: Ruth Layús Quiroga.

Edita: 2.0 editora (211 pp.).

Douglas Adams (1952-2001) foi un escritor e guionista inglés ligado nos seus inicios ao grupo dos Monty Python - que traballou en diversos xéneros: teatro, televisión, radio, cine... O seu grande éxito comercial veu da man desta *Guía do autostopista galáctico*, que comezou a súa andaina como serial radiofónico e que daría lugar posteriormente a obras de teatro, adaptacións á banda deseñada, unha serie de televisión e mesmo un videoxogo. Adams escribiu tamén unha serie de cinco novelas das cales esta é a primeira e, probablemente, a máis célebre.

A novela proxéctase como unha parodia do xénero da ficción científica e segue os pasos dun personaxe, Arthur Dent, que, coa axuda dun seu amigo extraterrestre, Ford Prefect, escapa da destrución da Terra cando esta é demolida para construír unha *vía rápida hiperspacial*. As peripecias vividas por Dent - como protagonista e como espectador - inclúen unha guía turística do Universo, o roubo dunha nave espacial por parte do Presidente Galáctico, un negocio dedicado a construír planetas por encargo de clientes millonarios e o descubrimento dunha complexa confabulación por parte dos seres máis intelixentes da galaxia - os ratos - para descubrir as respostas sobre "a Vida, o Univer- >>>

